



Concello de Vigo
Comité de Persoal

Vigo, 10 de decembro de 2018

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 15 de novembro de 2018, aprobou inicialmente o Presuposto Xeral do Concello de Vigo que rexerá durante o exercicio económico de 2019 no que se integran os seguintes:

- 1.- Presuposto do Concello de Vigo
- 2.- Presuposto do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal Urbanismo

Dita aprobación inicial foi publicada no BOP nº 221, de 16 de novembro de 2018.

O II Acordo para a Mellora do Emprego Público e de Condicións de Traballo, firmado en Madrid, o 9 de marzo de 2018, entre o Ministerio de Facenda e Función Pública e os sindicatos UGT, CCOO e CSI-F, establece que cada Administración Pública, previa negociación colectiva no correspondente ámbito de negociación, poderá destinar un porcentaxe adicional da súa masa salarial para, entre outras medidas, a implantación de plans e proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos ente postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino, ou a achega a fondos de pensións.

En base ao exposto, o Comité de Persoal do Concello de Vigo, en tempo e forma, presenta a seguinte alegación á aprobación inicial dos Presupostos 2019 e solicita que se inclúa nos mesmos o incremento do 0,55% da masa salarial (correspondendo o 0,3% ao presuposto 2018 e o 0,25% ao do presuposto 2019).

O presidente do Comité de Persoal

Pergentino Martínez Pampillón



SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 10/12/2018 14:05

Páxina 1 de 1

Documento 180195873

CSV: 21E959-CCBHBA-E6BCD6-CMTA3X-75U5SE-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>